



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC02	Integración social	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0337	Contexto da intervención social	2025/2026	0	133	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ISABEL SUÁREZ FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza a dinámica social en relación cos conceptos e cos procesos psicolóxicos e sociolóxicos que a sustentan
RA2 - Caracteriza os procesos de integración e exclusión social, e identifica os factores sociolóxicos e psicolóxicos influentes
RA3 - Interpreta o marco da intervención social tendo en conta a relación entre a súa estrutura xurídica e administrativa, e a realidade en que se desenvolve
RA4 - Determina os ámbitos de intervención social, e describe as características e as necesidades dos colectivos que os integran
RA5 - Caracteriza servizos e programas de intervención social en relación coas necesidades persoais e sociais ás que dan resposta

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Explicáronse os procesos básicos do desenvolvemento evolutivo do ser humano
CA1.2 Caracterizáronse os procesos que inflúen na conformación social da conduta e as actitudes
CA1.3 Describíronse os elementos que configuran a estrutura social e as relacións entre eles
CA1.5 Identificáronse os factores que favorecen ou iniben o cambio social
CA1.6 Identificáronse os factores que facilitan ou dificultan a participación social e comunitaria
CA1.8 Explicouse o papel da perspectiva de xénero na dinámica e o cambio social
CA1.8.2 Definíronse a perspectiva de xénero e as súas características na intervención social



Criterios de avaliación do currículo
CA2.1 Definíronse os conceptos psicolóxicos e sociolóxicos básicos relacionados cos procesos de inclusión e exclusión social
CA2.1.1 Definíronse os conceptos psicolóxicos e sociolóxicos relacionados coa inclusión e exclusión social
CA2.2 Explicáronse os procesos básicos asociados á integración e á exclusión social de persoas e colectivos
CA2.2.1 Identifícanse os procesos básicos asociados á integración e á exclusión de persoas e colectivos, e as súas características
CA2.3 Identifícanse as principais causas da marxinación e da exclusión social
CA2.3.1 Identifícanse e defínense as principais causas da marxinación e da exclusión social
CA2.4 Identifícanse os indicadores xerais de marxinación e exclusión social
CA2.5 Descríbense as principais necesidades sociais
CA2.5.1 Descríbense as principais necesidades sociais
CA2.5.2 Identifícanse as teorías máis relevantes sobre necesidades sociais
CA2.6 Diferenciouse entre necesidade e demanda social
CA2.7 Argumentouse a influencia das necesidades sociais na marxinación e na exclusión social
CA2.8 Concretáronse os mecanismos e os procesos xerais de reinserción social
CA3.1 Explicáronse os antecedentes e a evolución das políticas de intervención social
CA3.1.1 Defínese a intervención social e as súas características na actualidade
CA3.1.2 Identifícanse os antecedentes e a evolución das políticas de intervención social
CA3.2 Descríbiuse o actual marco xurídico e administrativo da intervención social
CA3.7 Valorouse a importancia da discriminación positiva nos procesos de igualdade



Criterios de avaliación do currículo
CA3.7.1 Definíuse a discriminación positiva e as súas características na intervención social
CA3.8 Describiuse o papel do persoal técnico en integración social no marco da intervención social
CA4.1 Describíronse as características biolóxicas, psicolóxicas e sociais asociadas a situacións ou risco de exclusión social
CA4.2 Identificáronse os colectivos que integran os ámbitos de intervención social
CA4.3 Explicáronse as características e as necesidades das persoas e dos colectivos susceptibles de exclusión social
CA4.4 Identificáronse os factores influentes na situación ou no risco de exclusión social dos colectivos
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de información acerca dos colectivos de intervención
CA4.7.1 Identificáronse as principais fontes de recollida de información sobre os colectivos destinatarios de intervención
CA5.1 Identificáronse os enfoques, as modalidades e as estratexias de intervención social
CA5.2 Relacionáronse as principais organizacións e os principais servizos dirixidos á intervención social con diversos colectivos
CA5.2.1 Identificáronse as principais organizacións e os principais servizos dirixidos á intervención social con diversos colectivos
CA5.3 Describíronse contextos e sistemas organizativos de intervención
CA5.4 Explicáronse as liñas xerais dos principais programas de intervención social e promoción de igualdade
CA5.5 Identificáronse os aspectos básicos da intervención social con diversos colectivos
CA5.6 Enumeráronse as principais prestacións e axudas ás que teñen dereito os colectivos
CA5.8 Concretáronse a importancia social, o ámbito de actuación e os límites do voluntariado na intervención social
CA5.8.1 Identificóuse o voluntariado, as súas características e ámbitos de intervención, e a normativa existente na Comunidade Autónoma Galega



2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza a dinámica social en relación cos conceptos e cos procesos psicolóxicos e sociolóxicos que a sustentan
RA2 - Caracteriza os procesos de integración e exclusión social, e identifica os factores sociolóxicos e psicolóxicos influentes
RA3 - Interpreta o marco da intervención social tendo en conta a relación entre a súa estrutura xurídica e administrativa, e a realidade en que se desenvolve
RA4 - Determina os ámbitos de intervención social, e describe as características e as necesidades dos colectivos que os integran
RA5 - Caracteriza servizos e programas de intervención social en relación coas necesidades persoais e sociais ás que dan resposta

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.4 Descríbense os procesos básicos que interveñen na dinámica e no cambio social
CA1.7 Argumentouse a necesidade de coñecer os aspectos básicos da dinámica social no deseño das intervencións
CA1.8 Explicouse o papel da perspectiva de xénero na dinámica e o cambio social
CA1.8.1 Fundamentouse o papel da perspectiva de xénero na dinámica e o cambio social
CA2.1 Definíronse os conceptos psicolóxicos e sociolóxicos básicos relacionados cos procesos de inclusión e exclusión social
CA2.1.2 Fundamentáronse as intervencións nos conceptos psicolóxicos e sociolóxicos relacionados coa inclusión e exclusión social
CA2.2 Explicáronse os procesos básicos asociados á integración e á exclusión social de persoas e colectivos
CA2.2.2 Explicáronse e relacionáronse os procesos básicos asociados á integración e a exclusión social de persoas e colectivos, con intervencións sociais
CA2.3 Identificáronse as principais causas da marxinación e da exclusión social



Criterios de avaliación do currículo
CA2.3.2 Recoñecéronse as principais causas de exclusións social ou márxinación nun determinado contexto.
CA3.1 Explicáronse os antecedentes e a evolución das políticas de intervención social
CA3.1.3 Fundamentouse a intervención social tendo en conta a súa evolución e situación actual
CA3.3 Relacionouse o marco xurídico dos sistemas de protección social coa realidade en que se desenvolven
CA3.4 Concretáronse os sectores de intervención social
CA3.5 Xustificouse a necesidade da protección social como un dereito das persoas
CA3.6 Argumentouse a importancia dos sistemas de protección social como elemento de integración e estabilidade social
CA3.7 Valorouse a importancia da discriminación positiva nos procesos de igualdade
CA3.7.2 Argumentóuse o uso de medidas de discriminación positiva dada a súa importancia nos procesos de igualdade
CA4.5 Descríbóronse as variables que inflúen nas situacións de necesidade nos sectores obxecto de intervención
CA4.6 Relacionáronse as características dos suxeitos e dos colectivos específicos coas demandas e as necesidades de intervención social
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de información acerca dos colectivos de intervención
CA4.7.2 Precísáronse as fontes de recollida de información sobre os colectivos de intervención
CA4.8 Valorouse a importancia de fundamentar a intervención nas necesidades das persoas destinatarias
CA5.2 Relacionáronse as principais organizacións e os principais servizos dirixidos á intervención social con diversos colectivos
CA5.2.2 Seleccionáronse servizos adaptados ás características dos destinatarios da intervención.
CA5.7 Valorouse a importancia do apoio social na integración das persoas
CA5.8 Concretáronse a importancia social, o ámbito de actuación e os límites do voluntariado na intervención social



Criterios de avaliación do currículo

CA5.8.2 Concretóuse a importancia, ámbito de actuación e límites do voluntariado na intervención social

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA:

Considéranse como mínimos exixibles todos os criterios de avaliación establecidos no punto 2 desta programación, agás os seguintes:

RA1: CA 1.7: Argumentouse a necesidade de coñecer os aspectos básicos da dinámica social no deseño das intervencións

RA2: CA 2.2.1: Identificáronse os procesos básicos asociados á integración e á exclusión de persoas e colectivos, e as súas características

RA3: CA 3.4: Concretáronse os sectores de intervención social

RA4:CA 4.8: Valorouse a importancia de fundamentar a intervención nas necesidades das persoas destinatarias

RA5: CA 5.7: Valorouse a importancia do apoio social na integración das persoas

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A proba organizarase en dúas partes unha teórica e outra práctica, que permitan evidenciar, baseándose nos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo profesional.

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba segundo se indica no artigo 13 da Orde do 5 de abril de 2013, pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico/a superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación:

a) PRIMEIRA PARTE. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.



b) SEGUNDA PARTE. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, se cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

CUALIFICACIÓN FINAL: A cualificación final correspondente da proba será numérica, entre un e dez, sen decimais. Obterase mediante da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á alza á unidade máis próxima a partir de 6 decimais. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para responder a todas as preguntas, en cada unha das partes.

No apartado 4 desta programación recóllense as especificacións correspondentes a cada unha das probas.

CONTIDOS

Os contidos obxecto de avaliación, tanto na primeira parte da proba como na segunda, serán os recollidos para o módulo no Decreto 73/2016 do 28 de abril para o módulo de Contexto da Intervención social.

CONSIDERACIÓNS XERAIS A TER EN CONTA NA REALIZACIÓN DA SEGUNDA PARTE DA PROBA:

- Elaboración da totalidade dos apartados solicitados na proba.
- Precisión e claridade na exposición das respostas.
- Respostas axustadas aos enunciados das preguntas.
- Presentación, organización e lexibilidade da proba.
- Emprego dunha linguaxe clara e precisa, capacidade de valorar xuízos (xustificando as afirmacións desenvolvendo unha actitude crítica), capacidade de relacionar conceptos, técnicas e materiais (analizando semellanzas e diferenzas) e capacidade de análise e síntese.



-Nivel de expresión escrita e linguaxe técnico.

-Referenciar a bibliografía e autores/as.

-As anteriores consideracións especificaranse na/s rúbrica/s de cualificación do/s da segunda parte da proba, consonte os criterios de avaliación establecidos para esa parte.

AXUDAS PARA A PREPARACIÓN DO MÓDULO

A continuación indícase normativa e webgrafía que pode ser de axuda para a preparación do módulo, pero que en ningún caso será o único material obxecto de avaliación no exame, xa que non recolle a totalidade dos contidos do módulo.

Algunha da normativa obxecto de estudo para este módulo é a seguinte:

- Constitución Española
- Estatuto de Autonomía de Galicia
- Código Civil e código penal (relacionado con menores)
- Lei de Servizos Sociais de Galicia e catálogos de servizos
- Lei de Inclusión Social de Galicia.
- Decreto que establece o título do técnico/a de Integración Social en Galicia
- Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Lei de accesibilidade galega
- Normativa vixente en protección de menores, estatal e autonómica
- Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Lei para la igualdad real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI.
- Lei de promoción da autonomía de atención ás persoas en situación de dependencia
- Lei de voluntariado de Galicia
- Lei de bases de réxime local
- Lei orgánica de dereitos e liberdades das persoas extranxeiras en España, e posteriores modificacións.

E calquera outra normativa internacional, nacional, autonómica e local necesaria para acadar os Resultados de Aprendizaxe do módulo.

WEBGRAFÍA

Algunhas páxinas de interese para o módulo:



<https://politicassocial.xunta.gal/es>
<https://www.inclusion.gob.es/home>
<https://www.mdsocialesa2030.gob.es/>
<https://www.injuve.es/>
<https://informesdiscriminacion.gitanos.org/>
<https://imserso.es/web/imserso>
<https://ceapat.imserso.es/el-ceapat>
<https://observatoriodelainfancia.mdsocialesa2030.gob.es/>
<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/instituciones/observatorioEstatal/home.htm>
<https://www.inmujeres.gob.es/home.htm>
<https://www.observatoriodeladiscapacidad.info/>
<https://ceadac.imserso.es/el-ceadac>
<http://forovidaindependiente.org/>
<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/>
https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INESeccion_C&cid=1259941637944&p=%5C&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout¶m1=PYSDetalle¶m3=1259924822888
https://www.unodc.org/documents/Gender/Gender_Strategy_Spanish/19-03337_Gender_Strategy_S_ebook.pdf
https://www.cruzroja.es/pls/portal30/docs/PAGE/2006_3_IS/BIBLIOTECA/MANUAL%20DE%20G%C9NERO.PDF
<https://www.eduso.net/>
<https://www.institucionpenitenciaria.es/es/reeducacion-y-reinsercion-social>
https://european-union.europa.eu/priorities-and-actions/actions-topic/employment-and-social-affairs_es
<https://www.observatorioigualdadyempleo.es/>
<https://plenainclusionmadrid.org/recursos/buena-practicas-participacion-dinamizacion-asociativa/>



4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Esta parte da proba referirase aos criterios de avaliación establecidos para a 1ª unidade didáctica da programación. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación. Dita proba poderá estar constituída por preguntas tipo test, preguntas de desenvolver, de resposta curta ou moi curta, de completar e/ou de verdadeiro ou falso, ou unha mestura dos diferentes tipos de preguntas mencionadas. Na proba explicitarase o valor de cada pregunta e no apartado de preguntas tipo test, se fose o caso, penalizaranse as respostas incorrectas de xeito que dúas respostas erróneas invalidarán unha resposta correcta.

A duración desta parte será de aproximadamente 120 minutos, como se establece no calendario publicado polo centro, podendo sufrir variacións por causas como o tempo adicado ás explicacións das probas e resolución de dúbidas por parte do alumnado.

Superarase esta proba cun mínimo de puntuación de 5 sobre 10.

A persoa candidata acreditará a súa identidade con un documento de carácter oficial (DNI, pasaporte...).

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de tinta indeleble cor azul ou negra. A comisión avaliadora non se fai responsable dos danos que poidan sufrir as probas no caso de empregar tinta borrrable. Os exercicios realizaranse a unha soa cor. Non se permitirá o uso de corrector tipo tñpex ou similar.

Queda totalmente prohibida a utilización de teléfonos m3viles e/ou calquera outro dispositivo electr3nico (reloxos, tablets...) conectable a internet. Durante a proba deber3n permanecer apagados.

Realizarase o chamamento na data e hora fixadas para a proba. Non est3 permitido o acceso ao exame unha vez dea comezo a proba en base ao horario establecido, salvo causa debidamente xustificada e documentada, e aceptada pola profesora, nos primeiros 10 minutos da proba. Independentemente da hora de chegada, a hora de finalizaci3n do exame non ser3 ampliada. Non se poder3 abandonar a aula durante os 30 primeiros minutos de exame, comezados a contar dende o momento no que se fai entrega da proba.

Non se poder3 retirar da aula ningunha copia do exame nin ning3n elemento auxiliar empregado durante a realizaci3n do mesmo. No caso de que se facilitasen follas de borrador, todas elas deber3n adxuntarse ao exame ao remate do mesmo.

A persoa que leve a cabo calquera acci3n de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevenci3n, protecci3n e seguridade durante a realizaci3n da proba ser3 excluída do proceso. A súa cualificaci3n ser3 0.

Esta proba permitir3 valorar todos os criterios de avaliaci3n recollidos no apartado 2.b. Soamente se poder3 acceder 3 seguinte proba obtendo unha nota igual ou superior a 5 puntos nesta primeira.



4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.

Esta proba permitirá valorar unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos para a unidade didáctica 2 desta programación e consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos, ou cuestións nas que sexa preciso relacionar os contidos teóricos coa súa aplicación práctica, nos que se amose un dominio coherente, global, aplicado e equilibrado dos mínimos esixibles do módulo. De ser o caso, os supostos prácticos de carácter escrito poderán conter preguntas de diverso tipo, entre as que se inclúen: preguntas de desenvolvemento, preguntas curtas, preguntas tipo test, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, ou preguntas de asociación, entre outras.

Será no documento da proba onde se detallarán as indicacións para a realización da mesma, así como os criterios para a puntuación. Indicarase tamén, no caso de varios supostos prácticos, a puntuación mínima a alcanzar en cada un deles para facer media co resto de supostos da proba.

A duración desta parte será de aproximadamente 120 minutos, como se establece no calendario publicado polo centro, podendo sufrir variacións por causas como o tempo adicado ás explicacións das probas e resolución de dúbidas por parte do alumnado.

Superarase esta proba cun mínimo de puntuación de 5 sobre 10, sempre e cando se cumpran todos os criterios de avaliación mínimos exixibles considerados na proba.

No caso de acadar un 5 ou máis nas dúas partes da proba, a cualificación final será o resultado da media aritmética das puntuacións obtidas en cada unha delas. A cualificación final expres redondearase á alza aquelas notas que acaden a centésima ",60" ou máis.

Como na primeira proba, a persoa candidata acreditará a súa identidade con un documento de carácter oficial (DNI, pasaporte...).

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de tinta indeleble cor azul ou negra. A comisión avaliadora non se fai responsable dos danos que podan sufrir as probas no caso de empregar tinta borrrable. Os exercicios realizaranse a unha soa cor. Non se permitirá o uso de corrector tipo típex ou similar.



Queda totalmente prohibida a utilización de teléfonos móbiles e/ou calquera outro dispositivo electrónico (reloxos, tablets...) conectable a internet. Durante a proba deberán permanecer apagados.

Realizarase o chamamento na data e hora fixadas para a proba. Non está permitido o acceso ao exame unha vez dea comezo a proba en base ao horario establecido, salvo causa debidamente xustificada e documentada, e aceptada pola profesora, nos primeiros 10 minutos da proba. Independentemente da hora de chegada, a hora de finalización do exame non será ampliada. Non se poderá abandonar a aula durante os 15 primeiros minutos de exame, comezados a contar dende o momento no que se fai entrega da proba.

Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo. No caso de que se facilitasen follas de borrador, todas elas deberán adxuntarse ao exame ao remate do mesmo.

A persoa que leve a cabo calquera acción de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización da proba será excluída do proceso. A súa cualificación será 0.